

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

G. Hermo González (2014): “A toponimia no *Libro II de Tenzas* (ACS, s. XIV)” [Póster]. *II Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 29-31 xaneiro 2014.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>



A TOPONIMIA NO LIBRO II DE TENZAS (ACS, s. XIV)

Gonzalo Hermo González (ILG-USC)

O LIBRO II DE TENZAS: INTERESE ONOMÁSTICO

Unha *tenza* (< lat. TENENCIA) é un conxunto de bens mobles e inmobles que, sendo propiedade do cabido, este subasta entre os relixiosos capitulares a fin de que o beneficiario goce das rendas que as devanditas propiedades xeran. No Arquivo Catedralicio de Santiago (en diante, ACS) consérvanse catro libros de tenzas, dos cales o noso traballo se ocupa do chamado *Libro II*, mandado compor polo arcebispo don Gómez en 1352, aínda que temos constancia documental de que se estaba redactando aínda na altura de 1389.

O proxecto que presentamos consiste na edición filolóxica e estudo lingüístico do material onomástico recollido no libro. Debido ás súas propias características repertoriais, o texto recolle un número moi extenso de topónimos, que se refiren de xeito especial, aínda que non exclusivo, a localidades situadas no territorio que ocupa a arquidiocese de Santiago.



ID	Forma do texto	Estrutura antroponímica	Tipal	Supervivencia	Solución moderna	Parroquia	Concello	Comarca	Prov.	País	Folleo	
1	Oyns (Beñca de) = cauto d Oyns = San Cosme d	NON	P	SI	Oins (San Cosme)	P	Arzúa	Arzúa	C	G	2r	
2	Parente = Pare<nte = P<ar<ente	NON	? ?	? ?	?	?	?	?	?	G	2r	
3	Medyn (Lopo Rrcodrigues de Medyn)	NON	SI	? ?	Medin	?	?	?	?	G	2r	
4	Doadro (S<ancta Mc<aria)	NON	P	SI	Doadro	P	Arzúa	Arzúa	C	G	2r	
5	Barral d Oyns P<aguc<no	NON	L	SC	?	?	Arzúa	Arzúa	C	G	2r	
6	Cachyno (2) = (A<on<e<e> Cachyno)	NON	L	? ?	Cachifo	?	?	?	?	G	2r	
7	Seuro	NON	LH	SI	Sebio	P	Arzúa	Arzúa	C	G	2r	
8	Bures (Sam Vicenço de) (2) = Burre<s	NON	P	SI	Bures (San Vicenzo)	P	Arzúa	Arzúa	C	G	2r	
9	Aueancos	NON	T	NON	Abeancos	-	-	-	-	C	G	2r
10	Sarrantes	NON	L	SI	Sarrantes	Sarrantes (Santaia)	Santiago	Melide	C	G	2r	
11	Melide (melida de) (2) = F<e<mac<no> G<on<alupes de	2	OUT	SI	Melide	Melide (Santa Maria)	Melide	Melide	C	G	2r, 3r	
13	Sarrant<e> (S<ancta Aya de) (2)	NON	P	SI	Sarrantes (Santaia)	-	Santiago	Melide	C	G	2r	
14	S<an<tiago (4) = cidade de S<an<tiago = Santiago =	2	C	SI	Santiago de Compostela	-	Santiago de Co	Santiago	C	G	2r, 2v, 4r	
15	Balugno (?) (Joha<no> Balugno)	NON	? ?	? ?	?	?	?	?	?	G	2v	
16	Font<e> do Franquino (rua de)	NON	NR	SI	ría do Franco	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	2v, 5r	
17	Villar (rua de) (2) = Vaasqu<no> F<e<mac<nde> do V	2	NR	SI	ría do Villar	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	2v, 4r	
19	Postomar<u>os (2)	NON	Arc	SI	Pesmarcos de Amba, Port-	-	-	-	-	C	G	2v
20	Font<e> Coua	NON	LH	SI	Fontecova	Cespón	Boiro	O Barbanza	C	G	2v	
21	Sisopo (Sam Vicenço de)	NON	P	SI	Cespón (San Vicenzo)	-	Boiro	O Barbanza	C	G	2v	
22	Junc<e>ras	NON	LH	SI	As Xunqueiras	O Xobre / O Mario	A Polra do Car	O Barbanza	C	G	2v	
23	Carreya (Santa Ougea de)	NON	P	SI	Carreira (San Paio)	-	Ribeira	O Barbanza	C	G	2v	
24	Gouyans	NON	L	? ?	?	?	Ribeira	O Barbanza	C	G	2v	
25	Souto (font<e> do) (font<e> do Souto de fóra da villa)	NON	NF	? ?	Fonte do Souto ?	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	3r, 5r	
26	Qu<u>nta (tera de)	NON	T	? ?	Quinta ? Quinta ?	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	3r	
27	Sami<il>	NON	LH	SI	Sami<il>	O Pino	Arzúa	Arzúa	C	G	3r	
28	Ar<u>ca (S<ancta Aya d)	NON	P	SI	Arca (Santaia)	-	O Pino	Arzúa	C	G	3r	
29	Mondonedo	NON	P	SI	Mondofiedo	-	Mondofiedo	A Mariña Centr	L	G	3r	
30	Cana (Ara< P<ere> da Cana)	NON	SI	? ?	Cana	?	?	?	?	G	3r	
31	Sarja (Joha<no>)	NON	? ?	? ?	?	?	?	?	?	G	3r	
32	Vila de Meos (Sam Mc<ari>no)	NON	P	NON	As Varelas (San Marti<il>)	?	Melide ?	Melide ?	C	G	3r	
33	Montouto	NON	LH	SI	Montouto	As Varelas (San Marti<il>)	Melide ?	Melide ?	C	G	3r	
34	Qu<u>ntella (Nuno G<on<alupes de Qu<u>ntella <e> SI	NON	L	SI	Quintela	As Varelas (San Marti<il>)	Melide ?	Melide ?	C	G	3r	
35	Caldeyros<as> (Nuno G<on<alupes de Qu<u>ntella <e> SI	NON	LH	? ?	Caldeyros ?	As Varelas (San Marti<il>)	Melide ?	Melide ?	C	G	3r	
36	Pedrosellas (vila de)	NON	LH	? ?	?	Cacheiras (San Simón)	Teo	Santiago	C	G	4r	
37	Carreteras do Ego	NON	? ?	? ?	?	Cacheiras (San Simón)	Teo	Santiago	C	G	4r	
38	Sam Simo<no> d Oe<as>	NON	P	SI	Cacheiras (San Simón de C	-	Teo	Santiago	C	G	4r	
39	Vidal (Maria Vidal)	NON	SI	? ?	?	?	?	?	?	G	4r	
40	Mayorga (ar<u>ca<ago de)	NON	? ?	? ?	?	?	?	?	?	G	4r	
41	Mangoy (Joha<no> da)	NON	SI	? ?	?	?	?	?	?	H	4r	
42	Moadá Nova, A	NON	NR	NON	-	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	4r	
43	Rariz (Mc<ar<ona F<e<mac<nde> de)	NON	NP	SI	Raris (San Miguel) ? (tamé	-	Teo	Santiago	C	G	4r	
44	Fomo da Coe<no>ga (2)	NON	NR	SI	Conga, A	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	4r	
45	Atoude (2) (Marya / Maria P<e<ic<e> da)	NON	LH	? ?	Ataude ?	?	?	?	?	G	4r	
46	Font<e> da Freyna	NON	NR	SI	ría da Rairía	Santiago de Composte	Santiago de Co	Santiago	C	G	4v	

ENFOQUES DO ESTUDO DA TOPONIMIA HISTÓRICA

A elaboración de devandita base de datos sérvenos para levar a cabo un estudo que se dirixe en tres direccións diferentes e, á vez, complementarias.

En primeiro lugar, permítenos analizar os cambios estruturais (fonéticos e morfolóxicos) que se produciron nos topónimos desde a forma medieval a solución contemporánea. O estudo da evolución formal da toponimia preséntase como unha ferramenta privilexiada para abordar o cambio lingüístico desde unha perspectiva diacrónica, dado o maior grao de fixación dos nomes de lugar, feito que lle outorga un valor testemuñal de alto alcance.

En segundo termo, as diverxencias entre a solución medieval e a moderna poden contribuír a fixar a etimoloxía e etioloxía das cadeas onomásticas, refutando perspectivas erradas ou confirmando hipóteses que carecían dun soporte documental.

Por último, facúltanos para rastrexar os cambios de denominación que se produciron no territorio obxecto de estudo, o que nos faculta a indagar en cales son as razóns polas cales un nome deixa de ter vixencia.

METODOLOXÍA. ELABORACIÓN DUNHA BASE DE DATOS

A medida que imos editando o manuscrito de acordo con criterios filolóxicos, enchemos unha base de datos onde introducimos todas as cadeas onomásticas non persoais, incluíndo os nomes de rúas, fontes, casas e outros microtopónimos ou nomes de lugar non habitados.

Distinguimos, ademais da tipoloxía, aquelas formas onde o topónimo figura referido como identificador espacial (*enna rrua do Villar*) daquelas onde se integra nunha estrutura antroponímica complexa (*Vaasquo Fernandes do Villar*). Esa distinción responde a razóns metodo-lóxicas que exceden os límites deste traballo.

Tamén procuramos localizar cada un dos ítems, sinalando a freguesía, comarca, provincia e país de adscripción. Ás veces isto non é posible, especialmente no caso de topónimos de frecuencia alta, como poden ser (*O*) Castro, (*O*) Pazo, (*A*) Igrexa ou (*O*) Campo.

Por outra banda, xebramos aqueles topónimos que sobreviven na actualidade dos que non o fixeron.

